

PLAN DE CONVIVENCIA CPI PLURILINGÜE DE CASTROVERDE

Obxecto, fins e principios do plan de convivencia

1. O plan de convivencia do centro é o documento no cal se articula a convivencia escolar, que garante unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica.
2. O proxecto educativo de cada centro docente incluírá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 da Lei 4/2011 e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. O dito plan de convivencia integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas de convivencia e actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterà actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.
3. O plan de convivencia será elaborado pola comisión de convivencia ou, cando esta non estivese constituída, polo equipo directivo, e será aprobado polo consello escolar do centro.

Obxectivos xerais do plan de convivencia

O plan de convivencia deberá contribuir á consecución dos seguintes obxectivos xerais:

- a) Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- b) Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
- c) Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres, dende unha perspectiva interseccional e inclusiva: xénero, clase, racialización, orientación sexual, orixe e migración, idade, diversidade funcional...
- d) Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- e) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- f) Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.

g) Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.

h) Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.

i) Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

j) Concienciar e sensibilizar á comunidade educativa sobre a importancia de evitar o sexismo en todos os ámbitos: condutas persoais, trato aos nenos e nenas, contidos educativos e demais.

k) Darlle ferramentas ao alumnado para detectar o machismo e conciencialo da importancia de rexeitar todo tipo de condutas sexistas.

ESTRUTURA DO PLAN DE CONVIVENCIA

O plan de convivencia do CPI Plurilingüe de Castroverde inclúe os seguintes apartados:

A) A ANÁLISE DA SITUACIÓN, PARTINDO DUN DIAGNÓSTICO PREVIO DA CONVIVENCIA NO CENTRO.

Características do centro e do seu contorno que contextualizan a intervención educativa:

O CPI de Castroverde é un centro rural que escolariza a alumnado de infantil, primaria e secundaria. As características do contorno corresponden cunha poboación maioritariamente rural e dispersa dun perfil socioeconómico medio-baixo.

Aspectos da xestión e organización do centro que inflúen na convivencia:

O alumnado de secundaria ten tempos de lecer diferenciado do alumnado de primaria e o comedor escolar ten dúas quendas diferentes, infantil e primaria e despois secundaria. O alumnado de secundaria e o de infantil e primaria ocupan espazos independentes nas actividades lectivas xa que están en diferentes módulos do centro.

A participación das familias e doutras persoas da comunidade en actividades lectivas e contribúe a unha convivencia positiva entre os distintos sectores.

Estado das relacións e da participación na vida do centro por parte do profesorado, do alumnado, das familias e do persoal de administración e servizos e de atención educativa complementaria, así como doutras institucións e entidades do contorno:

As relacións son boas e baséanse no diálogo, na cercanía e en confianza entre as persoas dos diferentes sectores.

Conflitividade detectada no centro, indicando o tipo e número de conflitos que se producen e os sectores implicados nestes:

A conflictividade é moi baixa e en xeral e corresponde maioritariamente con infraccións leves que consisten en pequenos incidentes entre o alumnado.

Sexismo detectado no centro indicando o grado e sectores implicados:

O sexismo detectado no centro, consiste xeralmente en micromachismos residuais ou os habituais problemas cos libros de texto e materiais empregados, especialmente cando estes non son de elaboración propia: linguaxe sexista, omisión de referentes femininos... Como punto forte temos un claustro concienciado, participativo e que se forma continuamente. O feedback que recibe algún alumnado minoritario do seu entorno quizás sexa o máis difícil de modificar. Sería importante identificar e loitar contra estas pequenas eivas sexistas para conseguir un maior empoderamento das rapazas en xeral, unha maior participación das nenas nas ciencias en particular, e un comportamento mais igualitario do alumnado varón.

Actuacións desenvolvidas no ámbito da convivencia e efectividade destas:

Calquera incidente ponse en coñecemento das familias. Normalmente as familias colaboran nas correccións das condutas indecuadas. As medidas correctoras que se impoñen ó alumnado son efectivas e non é frecuente que se produza reiteración da conduta contraria ás normas de convivencia.

Realízase formación en temas relacionados coa convivencia dirixida ós diferentes sectores da comunidade educativa.

A labor de titoría e departamento de Orinetación na atención individualizada a cada alumnado resulta efectiva.

B) OS OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PLAN DE CONVIVENCIA DERIVADOS DA ANÁLISE PREVIA.

- Fomentar o diálogo entre todos os sectores da comunidade.
- Concienciar a todos os sectores da comunidade educativa da importancia de prever condutas violentas e promover a paz.
- Aunar esforzos no obxectivo común de ter un clima escolar agradable para todos os sectores da comunidade educativa, onde o cuidado mútuo sexa unha práctica habitual.
- Crear as condicións óptimas para favorecer o éxito académico de todo o alumnado.
- Fomentar a igualdade e o rexeitamento de condutas discriminatorias desde un punto de vista interseccional: : xénero, clase, racialización, orientación sexual, orixe e migración, idade, diversidade funcional...

C) DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS, DAS MEDIDAS OU DOS PROGRAMAS QUE SE VAN DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA, INCLUÍDO MEDIDAS PREVENTIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN E ACTUACIÓNS ORGANIZATIVAS, CURRICULARES E DE COORDINACIÓN, ENTRE OUTRAS.

1. Realizaranse actuacións preventivas e se é preciso correctivas para promover a violencia cero entre o alumnado por parte de todo o profesorado do centro na súa actividade docente ordinaria, nos tempos de lecer e nas actividades complementarias.
2. Teremos presente que o exemplo que os adultos profesorado e familias dan cada día no desempeño das respectivas funcións e o clima de relacións que se establezan entre estes adultos ten unha incidencia moito maior que a transmisión teórica dos valores. Por este motivo independentemente das crenzas, procedencias, intereses e opinións dos adultos da comunidade procurarase sempre o máximo respecto ós demais.
3. Poñeranse en práctica na medida do posible as seguintes actuacións do modelo de Comunidades de Aprendizaxe:
 - Grupos Interactivos coa participación de voluntariado que poden ser familiares, antigos alumnos, alumnado en prácticas ou outras persoas da comunidade que colaboren de forma desinteresada co centro educativo. Animaremos a participar de forma especial aos familiares varóns sempre que sexa posible, para compensar a feminización dos coidados.
 - Tertulias dialóxicas, onde a través do diálogo compartido por alumnado, profesorado e outras persoas da comunidade se reflexionará conxuntamente sobre diferentes temas con liberdade. Incluiranse temas relacionados coa igualdade e se terá especial coidado en incluír tamén producións de mulleres salientables. Fomentarase a participación das rapazas nas tertulias en igual proporción que a dos rapaces.
 - Formación de familiares. Esta formación será moitas veces compartida con outros sectores da comunidade (alumnado ou profesorado). En casos puntuais realizarase formación específica.
 - Formación do profesorado
 - Extensión do tempo de aprendizaxe do alumnado a través do programa PROA e atención da biblioteca en tempos de lecer.
 - Socialización preventiva da violencia de xénero e diversas actuacións sobre igualdade.
 - Participación educativa da comunidade.
4. Participación en programas institucionais:
 - Programa Quérote+
 - Plan Director da Garda Civil.
 - Programas CP Inclúe e CP Innova.

- Outros programas que fomenten a educación en valores do alumnado.

5. Diferentes actividades para as titorías propostas polo Departamento de Orientación

D) PLAN DE IGUALDADE.

O plan de igualdade será o guiión que coordine as diferentes accións coeducativas emprendidas dende todos os sectores do centro educativo: materias, titorías, orientación, actividades extraescolares e complementarias, biblioteca, dirección... Desenvolverase durante todo o curso escolar, moito máis alá de centrarse nos días sinalados como o 25 de novembro ou o 8 de marzo, xa que o que se pretende é converter a igualdade no habitual, interiorizala e levala con nós no noso día a día.

O plan de igualdade recolle as accións que se levarán a cabo para abordar cuestións como:

- A promoción dun uso non sexista dunha linguaxe rico e variado, con toda a gama de recursos que nos ofrecen as nosas linguas e que non as empobreza a base de desdobrar continuamente as palabras no seu masculino e feminino.
- Visibilización das mulleres en todos os ámbitos, ao longo da historia e no presente, poñendo de relevo as achegas das mulleres na ciencia, a tecnoloxía, o deporte, a literatura, a filosofía, etc.
- Visibilización de referentes masculinos non sexistas.
- Loita contra os estereotipos.
- Reparto non discriminatorio dos espazos do centro.
- Educación afectivo sexual en igualdade.
- Prevención da todas as violencias machistas.

E) O PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR, DE CONFORMIDADE CO ESTABLECIDO NO ARTIGO 30.2 DA LEI 4/2011, DO 30 DE XUÑO.

- **Protocolo**

En caso de acoso escolar seguirase o establecido pola Consellería de Educación no correspondente *Protocolo xeral para a prevención, detección e tratamento do acoso e ciberacoso escolar, actualizado, así como o procedemento corrector de condutas contrarias ás normas de convivencia.* (Achégase como anexo a este Plan de Convivencia)

Ademáis da aplicación do protocolo de acoso indícanse a continuación as actuacións que se poderán desenvolver para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar:

- **Realización de campañas de sensibilización do profesorado, das nais e pais ou de das tutoras e titores e do alumnado contra o acoso escolar:**

Habitualmente participárase no Plan Director da Garda Civil, no programas educativos de Quérote+, e realizaranse actuacións preventivas na titoría coordinadas polo Departamento de Orientación.

- Establecemento de cauces específicos que faciliten a exteriorización polas vítimas das situacións de acoso escolar.

Favorecerase por parte de todo o profesorado un clima de confianza de maneira que poidan expresar calquera problema a calquera membro da comunidade. A persoa que coñeza o problema valorará se procede pomelo en coñecemento do titor ou titora, xefatura de estudos e dirección do centro para tomar as medidas necesarias para a súa resolución.

- Determinación das medidas que deben adoptarse en caso de detección dunha situación de acoso escolar para pórle fin, sen prexuízo das correccións disciplinarias que correspondan. En todo caso, preverase a designación, pola persoa titular da dirección do centro ou titular do centro concertado, dunha persoa responsable da atención á vítima de entre o persoal do propio centro docente. Esta designación procurarase que, cando sexa posible, recaia sobre unha persoa con que a vítima garde unha relación de confianza ou proximidade.

Cada caso pode ser diferente e depender de circunstancias diversas polo que se abordará cada problema de forma individualizada coordinando as actuacións entre profesorado, titores, xefatura de estudos, dirección, departamento de Orientación,...

Con independencia do que se estableceu no punto anterior para protexer á vítima ou para manter a discreción e respectar a lei de protección de datos, os alumnos ou alumnas que perturben a convivencia de forma deliberada sancionaranse como norma xeral de acordo co establecido nas Normas de Organización e Funcionamento do Centro.

A atención á vítima terá lugar pola persoa que estableza a dirección de entre as que garden unha relación de confianza ou proximidade co alumnado, xunto coa xefatura de estudos.

CONCRECIÓN, EN CADA UNHA DAS ACTUACIÓNS, DAS MEDIDAS OU DOS PROGRAMAS, DAS PERSOAS OU DOS ÓRGANOS RESPONSABLES, DAS PERSOAS DESTINATARIAS E DOS PROCEDEMENTOS QUE SE VAN SEGUIR PARA O SEU DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN.

ACTUACIÓN	PERSOAS RESPONSABLES	PROCEDIMENTO
Violencia cero entre o alumnado	Totalidade do profesorado do centro, con especial implicación das persoas titoras de cada grupo de alumnos e alumnas.	As actuacións desenvolveranse en todo momento: na actividade docente ordinaria, nos tempos de lecer e nas actividades complementarias. O principio de actuación será sempre tolerancia cero cara calquera conducta violenta independentemente da

		etapa educativa(infantil, primaria ou secundaria)
Aprendizaxe vicario: o exemplo de todas as persoas adultas da comunidade	Todas as persoas da comunidade educativa	Información nas diferentes reunión dos diferentes sectores da comunidade educativa con especial incidencia nas reunión coas familias.
Actuacións educativas do modelo de Comunidades de Aprendizaxe	Profesorado, familiares e persoas da comunidade que voluntariamente queiran participar nas actuacións educativas	<p>1.-Grupos Interactivos coa participación de voluntariado que poden ser familiares, antigos alumnos, alumnado en prácticas ou outras persoas da comunidade que colaboren de forma desinteresada co centro educativo.</p> <p>2.-Tertulias dialóxicas, onde a través do diálogo compartido por alumnado, profesorado e outras persoas da comunidade se reflexionará conxuntamente sobre diferentes temas con liberdade.</p> <p>3.-Formación de familiares. Esta formación será moitas veces compartida con outros sectores da comunidade (alumnado ou profesorado). En casos puntuales realizarase formación específica.</p> <p>4.-Formación dialóxica do profesorado</p> <p>5.-Extensión do tempo de aprendizaxe do alumnado a través do programa PROA e atención da biblioteca en tempos de lecer.</p>

		<p>6.-Socialización preventiva da violencia de xénero e diversas actuacións sobre igualdade.</p> <p>7.-Participación educativa da comunidade.</p>
Participación en programas institucionais para a mellora da convivencia.	Equipo directivo e departamento de orientación	<p>Pograma Quérote+</p> <p>Plan Director da Garda Civil.</p> <p>Programa Navega con rumbo</p> <p>Outros programas que fomenten a educación en valores do alumnado (ONCE, outros programas do Plan .Proxecta)</p> <p>Iniciativas para a mellora da convivencia dentro do Contrato-Programa para a Mellora do Éxito Escolar (CP Incluí e CP Innova).</p>
Actividades nas titorías coordinadas polo Departamento de Orientación	Xefatura de estudos, titores e departamento de Orientación	As propostas son diversas: xogos cooperativos, cuñas motrices, debates, proxección de película,...
Reunións individuais coas familias	Equipo directivo, departamento de orientación, titor ou titora e/ou profesor ou profesora	Para prevención de calquera conflito, problema, convocarase á maior brevidade e buscarase o compromiso de todas as partes implicadas (verbalmente ou por escrito)
Aplicacións de Prácticas Restaurativas	Todo o profesorado do centro	Para a prevención e resolución de conflitos.
Reunións da Xunta de delegados	Xefatura de estudos	Convocarase habitualmente unha reunión por trimestre en secundaria. Acudirá o delegado ou delegada e

		subdelegado ou subdelegada
Reunións Comisión de Convivencia	Comisión de Convivencia	Nas reunións ordinarias da Comisión de Convivencia inclúiranse as propostas de actuación para a mellora da convivencia sobre as que exista acordo

NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO, COA CONCRECIÓN DOS DEREITOS E DEBERES DOS DIFERENTES MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA, ASÍ COMO UN PROTOCOLO QUE CONTRIBÚA Á DETECCIÓN OU AO INCUMPRIMENTO DESTAS.

As condutas contrarias á convivencia e as correspondentes correccións encóntranse nas normas de organización e funcionamento (NOFC do CPI Plurilingüe de Castroverde, que é un documento que se considera incluído neste Plan de Convivencia)

ESTABLECEMENTO DAS CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E DAS CORRECCIÓNS QUE CORRESPONDAN AO SEU INCUMPRIMENTO QUE, DE SER O CASO, SE APLICARÁN, DE CONFORMIDADE CO ESTABLECIDO NESTE DECRETO EN DESENVOLVEMENTO DA LEI 4/2011 E DEMAIS NORMATIVA QUE SEXA DE APLICACIÓN.

As condutas contrarias á convivencia e as correspondentes correccións encóntranse nas normas de organización e funcionamento (NOFC do CPI Plurilingüe de Castroverde)

AS NORMAS ESPECÍFICAS PARA O FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA DO CENTRO, A SÚA COMPOSICIÓN, A PERIODICIDADE DAS REUNIÓN E O PLAN DE ACTUACIÓN E, DE SER O CASO, DA AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA OU DA ESCOLA DE NAIS E PAIS.

Comisión de convivencia

A comisión de convivencia de cada centro constituirase no seo do seu consello escolar. Terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto neste decreto, no plan de convivencia e nas normas de convivencia da cada centro.

A comisión de convivencia estará composta polas persoas representantes do alumnado, do profesorado, das familias e do persoal de administración e servizos. No CPI Plurilingüe de Castroverde a comisión de convivencia estará composta pola directora, as xefas de estudos, orientadora, representante do persoal de administración e servizos, representante dos país/nais, representante do alumnado e dous profesores ou profesoras do Consello Escolar. Será presidida pola persoa titular da dirección do centro e unha das persoas integrantes actuará como secretaria

ou secretario, quen levantará a acta das súas reunións. O nomeamento das persoas integrantes da comisión de convivencia nos centros educativos corresponde ao director ou á directora por proposta dos colectivos representados.

O réxime de funcionamento, composición e o desenvolvemento das funcións da comisión de convivencia de cada centro docente concretarase no plan de convivencia, de conformidade co establecido para os órganos colexiados na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e, en todo caso, manterán tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

A comisión de convivencia exercerá por delegación do consello escolar as seguintes funcións:

- a) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- d) Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- e) Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, na cal se reflictan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.

i) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

5. Cando a comisión de convivencia o considere oportuno, e co obxecto de que informen no ámbito das súas respectivas competencias, poderá solicitar o asesoramento dos/as profesionais do departamento de orientación que interveñen no centro, do profesorado titor relacionado co tema que se analice ou doutros profesionais segundo a problemática de que se trate, así como das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia.

MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO, COAS FAMILIAS E CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS OU ORGANISMOS DO CONTORNO.

Coas familias estarase en permanente contacto en persoa, a través do teléfono, do correo electrónico ou de plataformas de comunicación específicas como Abalar Móbil.

Realizaranse dúas reunión colectivas de titoría coas familias no curso escolar.

Todas as familias son informadas das horas de atención a familias de calquera profesor ou profesora do centro.

Realízanse intercambios e actividades conxuntas con outros centros educativos.

Existe un convenio de colaboración co Concello de Castroverde para o uso das instalacións.

O colexio facilita o uso das instalación para as actividades da Asociación de Nais e Pais de Alumnos.

ESTRATEGIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.

A través das titorías en cada comezo de curso farase difusión das normas do centro e da normativa xeral sobre convivencia escolar. Esta información trasladarase ás familias nas correspondentes reunións.

MEDIDAS QUE SE PODEN APLICAR NO CENTRO PARA PREVIR, DETECTAR, MEDIAR E RESOLVER OS CONFLITOS QUE POIDAN XURDIR, ENTRE AS CALES SE INCLUIRÁN OS COMPROMISOS DE CONVIVENCIA, AS ACTUACIÓNS PREVENTIVAS E QUE CONTRIBÚAN Á DETECCIÓN DA CONFLITIVIDADE E A CONCILIACIÓN OU MEDIACIÓN NA RESOLUCIÓN DOS CONFLITOS QUE PUIDESEN XURDIR.

Para previr os conflitos o profesorado, colaboradores e familias observarán o comportamento do alumnado nas diferentes actividades tanto lectivas como complementarias.

Analizarase e valorarase a información que chega das familias para detectar posibles casos de acoso.

Buscarase a colaboración do propio alumnado para evitar situacións de maltrato entre iguais.

En xefatura de estudos hai un modelo de compromiso de convivencia para ser cuberto e asinado por alumnado, familias e profesorado.

No caso de que nun conflito o alumnado solicite mediación comunicarao en xefatura de estudos.

Para prever, detectar, mediar e/ou resolver situacións conflitivas ou conductas disruptivas do alumnado no centro educativo créase a aula de convivencia inclusiva no CPI Plurilingüe de Castroverde.

AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA

O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, establece no seu Artigo 25:

“A consellería con competencias en materia de educación regula o réxime de funcionamento das aulas de convivencia inclusiva previstas no artigo 19.3 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, cuxa vocación é substituír o tempo de expulsión do alumnado que estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro, como consecuencia da imposición de medidas correctoras, buscando a reincorporación á súa propia aula no menor tempo posible, na forma que se recolle no artigo 8.4.d) deste decreto”.

A continuación establece os aspectos que o Plan de Convivencia debe incluír en relación coa aula de convivencia e que son os seguintes para o CPI Plurilingüe de Castroverde:

CRITERIOS E CONDICIÓNS PARA A ATENCIÓN DO ALUMNADO NA AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA:

Os pais, nais ou titores legais do alumnado remitido á aula de convivencia deberán ser informados cada vez que os seus fillos/as asistan á referida aula, indicándoselles a incidencia que o motivou.

Na aula de convivencia atenderanse dous tipos de situacións cos alumnos ou alumnas:

1- Alumnado que por problemas de conduta é apartado puntualmente da aula habitual

- O profesor ou profesora envía ao delegado ou delegada a ou outra alumna ou alumno ás dependencias de administración do centro para comunicar a situación a calquera membro do equipo directivo e detalla o sucedido por escrito no parte de clase.
- Desde as dependencias de administración do centro, un membro do equipo directivo avisará a profesora ou profesor de garda nesa sesión.
- O profesor de garda acompañará ao alumno ou alumna desde a aula de clase á aula de convivencia inclusiva(calquera aula libre). A finalidade desta medida é realizar unha pausa para reflexionar, o que se denomina “tempo fóra”.

Habitualmente ese tempo corresponderá cunha única sesión lectiva como máximo.

- Establécese como aula de convivencia inclusiva para primaria o salón de actos (1ª andar do módulo 1) e para secundaria algunha das aulas aula de desdobres (1ª andar do módulo 2).
- Na primeira ocasión na que unha mesma persoa docente aplique este tempo fóra a un alumno ou alumna, será directamente ese profesor ou profesora quen comunicará ao pai/nai ou titores legais os motivos que causaron a derivación puntual do alumno ou alumna a aula de convivencia inclusiva.
- Na terceira ocasión na que se derive puntualmente un alumno ou alumna a aula de convivencia inclusiva, será o titor ou titora quen convocará ao pai, a nai ou ás persoas titoras legais a unha reunión no centro educativo. O obxectivo da reunión é buscar o compromiso de todas as partes para mellorar a conducta do alumno ou alumna.
- A reiteración de envíos á aula de convivencia poderá ser considerada unha falta contraria ás normas de convivencia e cubrirase o correspondente parte de incidencias.

2- Alumnado derivado a Aula de Convivencia como resultado dunha sanción disciplinaria.

Nestes casos a aula de convivencia e o lugar donde o alumnado que ten suspendido o dereito de asistencia ao Centro como consecuencia dun proceso disciplinario pode permanecer cumprindo a súa sanción cando a dirección e a xefatura de estudos o consideren adecuado atendendo ás súas circunstancias persoais e familiares.

- Durante a súa estancia na aula este alumnado traballará nas materias que lle corresponda segundo o seu horario atendido polo profesorado correspondente de garda na aula de convivencia.
- Será misión do titor ou titora recabar as tarefas que debe realizar entre todo o equipo docente e misión do profesor de garda velar por que o alumno ou alumna cumpla as tarefas.
- Os profesores de garda serán informados da relación das tarefas a realizar. A tal efecto tomaráanse as medidas organizativas oportunas que faciliten este coñecemento.

PROFESORADO QUE ATENDERÁ EDUCATIVAMENTE A AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA:

A Aula de Convivencia será atendida polo profesorado de garda dentro do seu horario regular de obrigada permanencia no centro. O profesorado de garda debe estar localizable, preferiblemente na sala de profesores no caso de que se produza un envío temporal.

PROGRAMACIÓN DAS ACTUACIÓNS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN ENCAMIÑADAS A FAVORECER UN PROCESO DE REFLEXIÓN POR PARTE DO ALUMNADO ATENDIDO NA AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA:

O Departamento de Orientación programará e dará a coñecer actuacións que favorezan entre o alumnado enviado a Aula de Convivencia actitudes responsables e condutas positivas para a convivencia. Estas actividades estarán recollidas no **Programa de Habilidades Sociais** para aquel alumnado que como consecuencia da imposición de medidas correctoras se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro. Estes programas como indica a lei: *“aplicaranse en colaboración co profesorado tutor e, de ser o caso, cos servizos sociais, e procurarán implicar o resto do profesorado e as familias para lograr, conxuntamente, o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas”*.

HORARIO, LOCALIZACIÓN, INSTALACIÓNS E MATERIAL DIDÁCTICO CON QUE CONTA A AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA PARA O SEU FUNCIONAMENTO:

1-Localización: A Aula de convivencia inclusiva do CPI Plurilingüe de Castroverde ocupa un espazo no primeiro andar do módulo II para secundaria (calquera aula de desdobres) e no primeiro andar do módulo I para primaria (salón de actos).

2-Instalacións: Nela contamos con mesa para o profesor ou profesora, ordenador para o profesor ou profesora, mesas e cadeiras para o alumnado.

3-Horario: A aula de convivencia permaneza aberta no mesmo horario que o resto das aulas ordinarias.

4-Material didáctico:

A dotación da aula de convivencia de secundaria é similar ás restantes aulas do centro. O salón de actos ten ordenador, proxector e equipo de son. O propio alumnado nas titorías, nas materias de educación en valores, ou en calquera actividade doutra materia pode elaborar murais, cartaces, documentos dixitais,... sobre a cultura da paz, sobre os dereitos humanos que pasarán a formar parte da aula de convivencia inclusiva.

A dirección do centro e, por delegación, a Xefatura de Estudos, será o órgano competente para ditar a resolución pola que se acorda que un alumno ou alumna sexa atendido ou atendida na aula de convivencia inclusiva, garantindo, en todo caso, o trámite de audiencia aos pais, nais, tutores ou titoras, se fose menor de idade non emancipado/a.

MEDIDAS OU PROGRAMAS ESPECÍFICOS PARA PROMOVER A CONVIVENCIA NO CENTRO, QUE FOMENTEN O DIÁLOGO, A CORRESPONSABILIDADE E A CULTURA DE PAZ.

O centro participa en diversos programas específicos:

- Programas do Plan Proxecta.
- Programa Quérote +
- Contrato- Programa para a Mellora do Éxito Escolar: CP Inclúe e CP Innova.
- Plan Director da Garda Civil.
- Outras actividades e Plans con diversas institucións coordinados polo Departamento de Orientación.

Ademais o centro promove a aplicación de Prácticas Restaurativas para prevención e resolución de conflitos.





A PERSOA COORDINADORA DE BENESTAR E CONVIVENCIA

- A persoa coordinadora de benestar e convivencia será designada pola dirección do centro de entre o profesorado do claustro, preferentemente con destino definitivo, por un período de dous anos, priorizando a súa formación específica, a experiencia, o interese e a dispoñibilidade horaria.

Funcións da persoa coordinadora de benestar e convivencia

1. A persoa coordinadora de benestar e convivencia actuará baixo a supervisión da persoa que exerza a dirección do centro docente.
2. As funcións da persoa coordinadora de benestar e convivencia son as seguintes:
 - a) En coordinación co equipo directivo:
 - Coordinar o plan de convivencia e colaborar na súa dinamización xunto coa comisión de convivencia do centro.
 - Fomentar o uso de métodos alternativos de resolución pacífica dos conflitos entre o persoal do centro e o alumnado, para o cal velará, entre outras accións,

pola incorporación e tratamento no plan de acción tutorial de contidos relacionados coas habilidades sociais, a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación e as dinámicas de grupo.

- Identificarse ante o alumnado, ante o persoal do centro educativo e, en xeral, ante a comunidade educativa, como principal referente das comunicacións relacionadas con posibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna.

- Informar o persoal do centro sobre os protocolos de prevención e protección de calquera forma de violencia existente na súa localidade ou na súa comunidade autónoma.

- Promover, en situacións que supoñan un risco para a seguridade das persoas menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo ás forzas e corpos de seguridade do Estado.

- Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e adolescencia, dirixidos tanto ao persoal que traballa nos centros educativos como ao alumnado e ás súas familias ou ás persoas titoras legais, con especial atención ao persoal do centro que actúa como titoras e titores, e á adquisición, por parte do alumnado, de habilidades para detectar e responder a situacións de violencia.

- Promover no centro docente unha alimentación saudable e nutritiva que permita ao alumnado, especialmente ao máis vulnerable, ter unha alimentación equilibrada.

- Promover, en situacións que poidan implicar un tratamento ilegal de datos persoais das persoas de menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo, con coñecemento da persoa delegada de protección de datos da consellería con competencias en materia de educación, á Axencia Española de Protección de Datos.

b) En coordinación co departamento de orientación:

- Promover medidas que garantan o máximo benestar da infancia e da adolescencia, así como a cultura do bo trato, coordinando actuacións, que se realizarán no centro e desde a titoría, promotoras de valores democráticos de convivencia, negociación e diálogo e cultura de paz.

- Colaborar no deseño e desenvolvemento de programas facilitadores de detección de dificultades de convivencia e de relación.
- Fomentar o respecto polo alumnado con discapacidade ou calquera outra circunstancia de especial vulnerabilidade ou diversidade.
- Coordinar, de acordo cos protocolos establecidos, os casos que requiran intervención por parte dos servizos sociais competentes, debendo comunicalo ás autoridades correspondentes, se se valora necesario, e sen prexuízo do deber de comunicación nos casos legalmente previstos.
- Promover a participación das familias informándoas e asesorándoas, en especial no relacionado coa convivencia democrática e o benestar.

c) En coordinación coas asociacións de nais e de pais:

- Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e a adolescencia, dirixidos ás persoas proxenitoras e a quen exerza función de tutela, garda ou acollemento.

Artigo 4. Plan de traballo

1. O plan de traballo da coordinadora ou coordinador de benestar e convivencia incluírase dentro do plan de convivencia do centro e incorporará, como mínimo, os seguintes elementos:

- a) Introducción, cunha breve contextualización do plan no centro e unha xustificación deste.
- b) Análise do contexto, que recollerá, como mínimo, a situación de partida no centro respecto aos ámbitos das súas funcións.
- c) Obxectivos, nos cales se especificarán indicadores.
- d) Procedemento de seguimento, avaliación e modificación do plan e, de ser o caso, de difusión.

2. O plan de traballo concretarase anualmente na programación xeral anual a través de accións enfocadas ao logro dos obxectivos establecidos que se pretendan desenvolver no correspondente curso académico.

Para cada unha das accións concretarase, como mínimo, a súa temporalización e os indicadores que permitan avaliar o nivel de logro acadado.

PROTOCOLO EDUCATIVO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DO ACOSO E CIBERACOSO ESCOLAR


Seguirase o establecido no correspondente protocolo publicado educonvives.gal:
https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protocolo_educativo_para_a_preve_ncion_deteccion_e_tratamento_do_acoso_e_ciberacoso_escolarpdf.pdf

O equipo ACAE estará constituído preferentemente por:

- Xefe do departamento de orientación do centro.
- Xefa de estudos de educación infantil e primaria.
- Xefa de estudos de educación secundaria.
- Directora do centro.

O punto laranxa contra o acoso e ciberacoso é un espazo físico onde calquera persoa coñecedora dunha situación de posible acoso poderá comunicalo. No CPI Plurilingüe de Castroverde o punto laranxa encóntrase no departamento de orientación do centro.

O procedemento a seguir segundo o protocolo indícase no seguinte esquema:



PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA

O equipo directivo garantizará a participación na avaliación do plan de convivencia de todos os sectores da comunidade educativa favorecendo as aportacións e suxestións que queiran realizar en calquera momento.

A comisión de convivencia elaborará, ao rematar cada curso escolar, a correspondente memoria do plan de convivencia do centro, de acordo cos datos e coas conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación e coas propostas de mellora que se consideren necesarias. O consello escolar, en pleno, por proposta da súa comisión de convivencia, aprobará a memoria do plan de convivencia elaborada por esta. Esta memoria formará parte da memoria anual do centro.